

I CERTAME “IMAXES POLA IGUALDADE”

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS DA CORUÑA – COSTA DA MORTE



I CERTAME “IMAXES POLA IGUALDADE”

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS DA CORUÑA – COSTA DA MORTE

A Federación Provincial de ANPAs da Coruña – Costa da Morte convoca o I CERTAME DE IMAXES POLA IGUALDADE (debuxo, fotografía e murais,) co obxectivo de que o alumnado dos centros de Educación Primaria e Secundaria plasmen nunha imaxe como ven a igualdade en calquera ámbito da vida e promovan á reflexión.

BASES:

1. PARTICIPANTES.

Alumnado dos centros de Educación Primaria e Secundaria da provincia da Coruña, cuxa ANPA estea federada na Federación Provincial de ANPAs da Coruña – Costa da Morte.

2. CATEGORÍAS: establécense dúas categorías:

Categoría A: alumnado de Educación Infantil e Primaria.

Categoría B: alumnado de ESO e Bacharelato.

3. TEMÁTICA:

Defensa da igualdade en todos os ámbitos da vida.

4. MODALIDADES:

Cada participante pode presentar un único traballo en cada unha das seguintes modalidades:

Modalidades individuais:

• DEBUXO:

- Con título. Escaneado. En formato TIF, PNG ou JPEG de máxima calidade, cun tamaño máximo de 10 MB

• FOTOGRAFÍA:

- Con título. En formato TIF, PNG ou JPEG de máxima calidade, cun tamaño máximo de 10 MB.

Os debuxos e as fotografías deben ser **orixinais e inéditos**. Non poden ter sido premiadas en concursos anteriores nin publicadas en ningún tipo de soporte.

Modalidade colectiva:

• MURAL:

- Obra colectiva do alumnado, que decore algún espazo do centro educativo ou da localidade na que se encontre o centro.

5. PRESENTACIÓN DAS OBRAS:

Debuxos e fotografías en formato TIF, PNG ou JPEG de máxima calidade, cun tamaño máximo de 10 MB ao enderezo electrónico: fedanpas@gmail.com

Murais: enviar documento en formato PDF que inclúa imaxes e explicacións das diferentes etapas de desenvolvemento do proxecto e o resultado final, co fin de acreditar a autoría por parte do alumnado que figure como autor do mesmo, ao enderezo electrónico: fedanpas@gmail.com

En documento anexo enviaranse os seguintes datos:

- Asunto: I CERTAME IMAXES POLA IGUALDADE – FEDANPAS da Coruña- Costa da Morte.
- Nome e apelidos. Curso. Centro educativo.
- Enderezo electrónico e teléfono de contacto.

PRAZO:

A data límite de envío será o **1 de abril de 2020 (Día das Artes Galegas)**.

6. PREMIOS:

Todos os participantes recibirán un diploma que acredite a súa participación.

A gañadora ou gañador de cada categoría e modalidade individual recibirá ademais unha tarxeta ou vale para adquirir música, material escolar, libros ou xogos.

Na modalidade colectiva de mural, o importe do agasallo será maior e poderá repartirse entre alumnado participante ou destinarse ao centro educativo (a elección do alumnado).

FEDANPAS da Coruña- Costa da Morte comprométese á difusión das obras seleccionadas.

As autoras e autores das obras seleccionadas –ou titoras/titores legais no caso dos menores de idade– autorizan a súa difusión.

7. FALLO DO XURADO:

O xurado estará composto por profesionais do mundo das artes, da igualdade, do ensino, nais e pais (cuxas fillas e fillos non participen no certame).

O fallo do xurado será inapelábel e poderá declarar os premios desertos, se as obras non reúnen os requisitos mínimos.

A participación no certame supón a aceptación íntegra destas bases.



Federación Provincial de ANPAS da Coruña - Costa da Morte

Rúa Alfredo Brañas, 44 - CP 15100 Carballo (A Coruña)

tlfno. **722 843 824**

<https://www.fedanpas.gal/>

<https://www.facebook.com/fedanpas.org/>

<https://twitter.com/fedANPAS?s=03>

correo@fedanpas.gal

fedanpas@gmail.com



XUNTA DE GALICIA

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

Secretaría Xeral da Igualdade



**GOBIERNO
DE ESPAÑA**

**VICEPRESIDENCIA
DEL GOBIERNO**

**MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES
E IGUALDAD**